

COMPOSTELA

VII CONCURSO
INTERNACIONAL
DE CANTO

LÍRICA

BASES

VII CONCURSO INTERNACIONAL DE CANTO

COMPOSTELA LÍRICA

CONVOCATORIA 2024

A Asociación de Amigos da Ópera de Santiago de Compostela constitúe unha entidade sen ánimo de lucro, que actúa en Santiago de Compostela e na súa área metropolitana. As súas finalidades son o cultivo e fomento da ópera e de todas aquelas actividades, incluídas as pedagóxicas, que poidan levar a unha expansión e a un maior coñecemento da mesma.

A primeira edición do Concurso internacional de canto Compostela Lírca tivo lugar no ano 2018. Na actualidade xa se celebraron seis edicións, todas elas con gran éxito de participantes e cunha excelente recepción por parte do público e de todas as entidades e organismos colaboradores.

Durante os próximos 6 e 7 de decembro celebrarase o VII Concurso de Canto Compostela Lírca, dotado pola Fundación José Otero-Carmela Martínez, tendo como destinatarios/as a novos talentos do mundo da lírica. O seu obxectivo é proporcionarlles unha proxección profesional na etapa inicial das súas carreiras. A organización corre a cargo da Asociación de Amigos da Ópera de Santiago de Compostela.

O Concurso conta co patrocinio e a colaboración da Dirección Xeral de Cultura da Xunta de Galicia, da Deputación da Coruña, do Concello de Santiago de Compostela e do Consello da Cultura Galega.

PREMIOS

PRIMEIRO PREMIO

- Diploma acreditativo
- 4.000 € brutos*
- Actuación remunerada coa Orquestra Real Filharmonía de Galicia
- Recital remunerado no marco do Festival “Les Musicales du Luberon”
- Participación remunerada na temporada de Ópera de Oviedo

SEGUNDO PREMIO

- Diploma acreditativo
- 2.000 € brutos*
- Recital remunerado en Santiago de Compostela

TERCEIRO PREMIO

- Diploma acreditativo
- 1.000 € brutos*

DIPLOMA ANDRÉS GAOS

AO/Á CANTANTE GALEGO/A
MAIS PROMETEDOR/A

- Diploma acreditativo
- Recital remunerado en Galicia dentro das actividades do Consello da Cultura Galega

DIPLOMA A TODOS/AS OS/AS FINALISTAS

(*)As cantidades contempladas estarán suxeitas á retención do Imposto sobre a Renta das Persoas Físicas.

O VII Concurso internacional de canto Compostela Lírica está dirixido a voces solistas, de calquera tesitura vocal, que cumbran cos seguintes requisitos:

- A) O VII Concurso de Canto Compostela Lírica está reservado exclusivamente ao xénero Ópera, na modalidade de voz solista de calquera tesitura vocal.
- B) A idade mínima para participar será de 18 anos e a idade máxima será de 35 anos. Este requisito debe cumprirse o 1 de xaneiro de 2024. .
- C) Non poderá participar quen obtivese o Primeiro Premio ou o Segundo Premio en edicións anteriores.
- D) A confirmación da inscrición no VII Concurso de Canto Compostela Lírica notificarase a cada un dos/as admitidos/as por correo electrónico a través da dirección de correo que indique cada solicitante.
- E) A organización do VII Concurso de Canto Compostela Lírica non se fai cargo dos gastos de viaxe e/ ou aloxamento e manutención que os/as participantes poidan xerar na súa participación no Concurso. Tampouco se fai cargo dos gastos, dereitos ou emolumentos dos/as pianistas que acompañen aos/as concursantes, distintos aos/as facilitados/as pola organización.
- F) A organización do Concurso resérvase o dereito de admisión dos/as participantes ao mesmo, no caso de non cumprir todos os requisitos. A taxa de inscrición non será devolta en ningún caso.

1 INSCRICIÓN

Desde o domingo 15 de setembro de 2024 ata o martes 15 de outubro de 2024, ambos incluídos.

Realizarase a través do formulario online.

A taxa de inscrición para todos os participantes será de 25€ por solista e non se devolverá en ningún caso. Deberá ingresarse na conta da Asociación de Amigos da Ópera de Santiago de Compostela en Caixabank IBAN: ES69 2100 2186 9001 0049 7129 (BIC/SWIFT: CAIXESBBXXX).

O candidato/a deberá abonar o importe da taxa (comisións bancarias a cargo do candidato/a) mediante transferencia bancaria ou ingreso na conta indicada, especificando no concepto de pago: Inscrición “nome de quen realiza a inscrición” VII Concurso de Canto Compostela Lírica.

O xustificante da transferencia axuntarase no item do formulario online correspondente.

Os documentos que se axuntarán ao formulario de inscrición son os seguintes:

- Biografía en formato pdf (máximo 150 palabras).
- Fotografía en formato jpg
- Copia do DNI/NIE ou pasaporte fotografado ou escaneado, para a verificación do requisito da idade.
- Xustificante de ingreso da taxa de inscrición en formato pdf.
- Vínculo a unha gravación de vídeo (Youtube ou Vimeo) dunha aria de ópera a elección de cada solicitante, que será utilizada para a selección preliminar. É responsabilidade do candidato/a que o vídeo poida reproducirse. A asociación poderá rexeitar automaticamente calquera contido cuxa reprodución non sexa viable ou esperte dúbidas fundadas. Estas gravacións terán carácter confidencial e non serán difundidas pola asociación en ningún caso.
- De ser o caso, copia do diploma dun 1º premio obtido nun Concurso de canto (só ópera) en formato pdf.

2 SELECCIÓN SEMIFINALISTAS

Antes do 30 de outubro de 2024, farase pública a lista oficial cos 30 participantes que accederán á semifinal e unha listaxe de 10 participantes en reserva.

Quedarán exentos desta fase de selección todos aqueles participantes que obtivesen, nos anos 2022, 2023 ou 2024, un primeiro premio nun concurso de canto específico de ópera, sempre que así o soliciten e demostren coa documentación pertinente no momento da inscrición. A Asociación revisará dita documentación, podendo descartar os premios que non considere adecuados, e comunicará persoalmente ao candidato o seu pase á fase semifinal.

3 SEMIFINAL

VENRES, 6 DE DECEMBRO
NO AUDITORIO DE GALICIA
SANTIAGO DE COMPOSTELA

A Asociación poñerase en contacto cos candidatos seleccionados para o pase á semifinal antes do 3 de novembro. Os semifinalistas deberán realizar a inscrición a través do formulario en liña.

A inscrición abrirase o 4 de novembro e pecharase o venres 15 de novembro ás 24 horas.

A taxa de participación na rolda presencial eliminatoria será de 40€ por solista, independentes dos abonados na inscrición; estas taxas non serán devoltas en ningún caso. Deberá ingresarse na conta da Asociación de Amigos da Ópera de Santiago de Compostela en Caixabank IBAN: ES69 2100 2186 9001 0049 7129 (BIC/SWIFT: CAIXESBBXXX), especificando no concepto de pago: Inscrición semifinal “nome de quen realiza a inscrición” VII Concurso de canto Compostela Lírica. O candidato/a deberá abonar o importe da taxa (comisións bancarias a cargo do candidato/a).

Os documentos que se anexarán ao formulario son os seguintes:

- Breve biografía de 150 palabras en formato word o pdf.
- Fotografía actualizada en formato jpg.
- Partituras das tres arias a interpretar en formato pdf.
- Xustificante de ingreso da taxa de participación en formato pdf.
- Documento asinado polo que se permite o manexo dos seus datos e o uso da súa imaxe para os efectos do concurso (proporcionarase modelo).

Os participantes ceden á Asociación o dereito para utilizar dita fotografía e devandito resumo nas súas redes sociais para a promoción do concurso.

4 FINAL

SÁBADO, 7 DE DECEMBRO
NO AUDITORIO DE GALICIA
SANTIAGO DE COMPOSTELA

DESENVOLVEMENTO DAS FASES

SEMIFINAL

VENRES, 6 DE DECEMBRO
DE 2024, 17:00 HORAS

- a. Mediante sorteo previo á celebración da semifinal determinarase a orde de participación.
- b. Esta fase do concurso celebrarase o venres 6 de decembro de 2024, a partir das 17:00 horas no Auditorio de Galicia de Santiago de Compostela e terá carácter público.
- c. A organización do Concurso facilitará un pianista acompañante a todos/as os/as concursantes que así o solicitasen no correo de inscrición. Se o/a concursante así o desexa, poderá presentarse co/coa seu/súa propio/a pianista acompañante.
- d. Os/as participantes poderán realizar un ensaio nas horas previas ao comezo do Concurso. A duración do ensaio fixarase en función do número de participantes.
- e. O xurado elixirá con carácter previo unha das tres arias presentadas por cada un dos/as participantes. A elección será comunicada con antelación aos/as participantes. A partir da audición das citadas arias elixidas polo xurado, este determinará que solistas pasarán á rolda final.
- f. Ao finalizar a semifinal, tras a oportuna deliberación, o xurado anunciará o nome dos/as dez solistas que pasarán á rolda final. O veredicto do xurado será inapelable.

FINAL

SÁBADO, 7 DE DECEMBRO
DE 2024, 19:00 HORAS

a. Mediante sorteo previo á celebración da final determinarase a orde de participación.

b. Esta fase do concurso celebrarase o sábado 7 de decembro de 2024, a partir das 19:00 horas no Auditorio de Galicia de Santiago de Compostela e terá carácter público.

c. A organización do Concurso facilitará un pianista acompañante a todos/as os/as concursantes que así o solicitasen no correo de inscrición. Se o/a concursante así o desexa, poderá presentarse co/coa seu/súa propio/a pianista acompañante.

d. Os/as participantes poderán realizar un ensaio nas horas previas ao comezo do Concurso. A duración do ensaio fixarase en función do número de participantes.

e. Audición pública da fase final do concurso. Cada concursante interpretará as dúas arias, das tres que indicou no momento da inscrición, que non coincidan coa aria que interpretou na semifinal, de forma consecutiva.

f. Ao finalizar a final, tras a oportuna deliberación, o xurado anunciará o nome dos/as gañadores/as. O veredicto do xurado será inapelable.

g. A organización do Concurso resérvase os dereitos de gravación e retransmisión por calquera medio audiovisual de gravación, reprodución e/ou difusión existente ou que poida xurdir, das intervencións dos/as concursantes, os/as cales renuncian expresa e formalmente a todos aqueles dereitos económicos que por este motivo puidésenlle corresponder. Estas gravacións son para o arquivo do Concurso e para a publicidade en medios audiovisuais, non podendo ser usados para explotación comercial. En todo caso, a organización incluírá os nomes dos/as cantantes nos materiais.

h. A viaxe, aloxamento e manutención, no caso de que algún/a concursante ou pianista acompañante propio/a precíseo, correrá a cargo dos/as concursantes.

XURADO

Presidente do xurado:

D. Arturo Reverter
Gutiérrez de Terán
Crítico musical

Secretario do xurado:

D. José María
Miranda Boto
Membro da Xunta
Directiva de ADOC
Sen voz nin voto

D. Patrick Canac

Presidente e fundador da Asociación
“Les Musicales du Luberon”

D. Aquiles Machado

Tenor. Director artístico da Temporada
lírica de Ópera de A Coruña

D^a. Elisabete Matos

Soprano. Directora artística do
São Carlos de Lisboa (2019- 2023)

D. Maciej Pikulski

Pianista

D^a Graziela Valceva Fierro

Mezzosoprano e profesora de canto

D. Celestino Varela

Director artístico da Ópera de Oviedo

O Xurado valorará as calidades técnicas, artísticas, interpretativas e escénicas, así como a dificultade das arias interpretadas.

O Xurado resérvase o dereito de non conceder algún dos premios.

As decisións do Xurado son inapelables.

A participación implica a enteira e responsable aceptación das presentes bases.

ENTREGA DE PREMIOS

A entrega dos premios terá lugar no Auditorio de Galicia, en Santiago de Compostela unha vez terminada a participación dos/as finalistas e transcorrido o tempo necesario para a deliberación do Xurado.

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2024

CALENDARIO

1

INSCRICIÓN

15 de setembro
a 15 de outubro
(ata as 24 horas)

2

**SELECCIÓN
SEMIFINALISTAS**

16 de outubro
a 30 de outubro

Publicación e comunicación dos
semifinalistas ata o 3 de novembro

3

**INSCRICIÓN
SEMIFINAL**

4 de novembro
a 15 de novembro
(ata as 24 horas)

4

SEMIFINAL

6 de decembro
ás 17:00 horas

Auditorio de Galicia
Santiago de Compostela

5

FINAL

7 de decembro
ás 19:00 horas

Auditorio de Galicia
Santiago de Compostela